



*Actos que se notifican: resolución denegatoria de alta inicial de prestación o subsidio por desempleo.*

*Se advierte que, de no estar conformes con el acuerdo adoptado, disponen de 30 días, contados desde la publicación de este acuerdo, para interponer ante este organismo o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, la preceptiva reclamación previa a la vía jurisdiccional, según lo dispuesto en el artículo 71 del Texto Refundido de la Ley de Procedimiento Laboral, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/1995, de 7 de abril.*

*En aplicación de lo establecido en el artículo 61 de la misma ley, para conocer el contenido íntegro de estas resoluciones, los interesados deberán dirigirse a esta dirección provincial o a su oficina de empleo en un plazo de diez días a partir de esta publicación, transcurrido el cual se entenderán notificadas a todos los efectos.*

*Solicitante; DNI/NIE; domicilio conocido a efectos de notificación; causa*

*Ana María González Domínguez; 34998740P; calle Ramón Piñeiro, n.º 10 3º A- 32001 - Ourense; carecer de responsabilidades familiares*

*Ourense, 21 de agosto de 2012. El director provincial, PS (Resolución 06/10/08-BOE 13/10).*

*Fdo.: Felisindo Domínguez González.*

**R. 3.576**

### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

##### Consellería de Traballo e Benestar

##### Xefatura Territorial Ourense

Servizo de Relacións Laborais

Convenio: limpeza de instalacións hospitalarias pechadas da Seguridade Social

Expediente: 32/01/0001/2012

Data: 16/08/2012

Asunto: resolución de inscrición e publicación

Destinatario: María del Carmen Cabanas Carlín

Código de convenio número 32000395011989.

Unha vez visto o texto do Convenio colectivo para o sector de limpeza de institucións hospitalarias da Seguridade Social de Ourense para os anos 2011-2013, que se subscribiu o día 15/05/2012, dunha parte, en representación da parte empresarial, polos/as designados/as pola Asociación de Empresarios de Limpeza de Institucións Sanitarias do Sergas de Ourense, e doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector, polos/as designados/as polas centrais sindicais: Confederación Intersindical Galega, Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Comisións Obreiras (CC OO) e a acta da Comisión Paritaria do convenio que se subscribiu o día 06/08/2012 polas anteditas partes para os efectos de emendar erros no mencionado texto e, de conformidade co que dispón o artigo 90 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo (BOE n.º 75, do 29 de marzo de 1995), Real decreto 713/2010, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE n.º 143, do 12 de xuño de 2010) e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE n.º 232, do

28 de setembro do 1982) e as demais normas aplicables do dereito común, esta xefatura territorial acorda:

Primeiro.- Ordena-la súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante a Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro de 2010) e notificación á representación empresarial e social da Comisión Negociadora.

Segundo.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense.

Asdo.: José Selas Souto.

Convenio colectivo para os anos 2011-2013 de "Limpeza de institucións hospitalarias da Seguridade Social da provincia de Ourense"

Artigo 1.- Este convenio colectivo aféctalles ás empresas dedicadas á limpeza de institucións hospitalarias pechadas da Seguridade Social en Ourense e, no ámbito de aplicación deste convenio, a tódolos/as traballadores/as dependentes destas empresas e que presten os seus servizos nas institucións hospitalarias pechadas da Seguridade Social da provincia de Ourense.

Artigo 2.- Vixencia e duración

Este convenio empezará a rexer dende a súa publicación no BOP de Ourense, non obstante, para os seus efectos económicos será dende o 1 de xaneiro de 2011 e rematará ó 31 de decembro de 2013. En marzo do 2013 reunírase a Comisión Negociadora para negocia-las táboas salariais para o dito ano.

Ó remate da vixencia deste convenio colectivo manterán a súa vixencia todas e cada unha das súas cláusulas ata a entrada en vigor do seguinte.

Un mes antes de remata-la vixencia deste convenio, reuniránse as partes para acordar se se denuncia o convenio vixente e se procede a súa negociación ou se opta pola negociación dunha equiparación que inclúa os termos sociolaborais.

Artigo 3.- Tódalas condicións económicas de calquera índole contidas neste convenio teñen o carácter de mínimas, polo que os pactos, cláusulas e situacións implantadas polas empresas e que impliquen condicións máis beneficiosas con respecto a este convenio subsistirán para aqueles/as que as veñen gozando, pero sen que poida interpretarse, que sobre as chamadas condicións máis beneficiosas terá que computarse o melloramento económico que supón este convenio.

Artigo 4.- Salario base, complemento de destino, complemento de produtividade fixo, complemento específico e complemento paga extra.

O importe que se aboará por estes conceptos especificarase nos anexos I e II deste convenio.

Para o terceiro ano de vixencia, ano 2013, reuniránse a Comisión Negociadora e será a encargada de establecer os salarios do dito período nos que se recoñece a equiparación económica nos artigos 4, 6 e 7 cos traballadores/as do Sergas categoría pinche, grupo E.

As empresas recoñeceránlle ós/ás traballadores/as as mellores salariais que o SERGAS establece para o seu persoal na categoría de pinche, grupo E, sempre e cando a dita mellora sexa para compensar unha eventual desviación do IPC.

Artigo 5.- Antigüidade

Os/as traballadores/as fixos/as, comprendidos/as no ámbito de aplicación deste convenio, gozarán como complemento persoal de antigüidade dun aumento periódico por cada tres anos de servizos prestados neste centro de traballo, na contía do cinco por cento do salario base por cada trienio.



#### Artigo 6.- Pagas extraordinarias

O persoal afectado por este convenio percibirá dúas gratificacións extraordinarias, unha en xullo e outra no Nadal, cada unha delas de 30 días de salario base máis antigüidade, mailo complemento de destino. Percibirase tamén unha contía adicional do 66,66 do complemento específico na paga de xullo e do 100% do mesmo complemento na paga de Nadal que se consolidará para os seguintes anos nas dúas pagas. Estas serán aboadas, respectivamente, antes do 30 de xullo e 24 de decembro e o seu cómputo será semestral.

#### Artigo 7.- Gratificación de domingos, festivos, nocturnos e prefestivos

O persoal que preste os seus servizos en domingos, festivos, prefestivos e traballos nocturnos percibirán a mesma cantidade que por este concepto se lle aboe ó persoal de pinches do Sergas. O complemento de traballo en domingos e festivos será de 46,36 €, a nocturnidade percibirase na contía de 378,15 €/mes e 25,21 € por noite traballada desde xullo de 2008 e 415,95 €/mes ou 27,73 € por noite traballada dende xullo de 2009.

As traballadoras/es que traballen na quenda de noite, inmediatamente anterior a un festivo, é dicir, o que se desenvolva entre a noite do sábado a domingo ou similar no caso de días que sexan festivos percibirán, un complemento salarial por importe de 42,15 € dende xullo de 2008 e 47,15 € dende xullo de 2009. Este complemento salarial será incompatible con percibi-los complementos salariais de nocturnidade ou traballo en festivo.

#### Artigo 8.- Gratificacións de toxicidade, perigosidade e penosidade

Estas gratificacións aboaranse na contía que en cada momento estableza a lexislación vixente nestas materias.

#### Artigo 9.- Xornada de traballo e descansos

A xornada laboral será a mesma que a do persoal do Sergas. Os/as traballadores/as que realicen a súa prestación de servizos no réxime de quenda fixa diúrna ou rotatoria simple realizarán unha xornada anual efectiva de 1.624 horas ó ano. Os/as que realicen a súa prestación de servizos de acordo co réxime de quenda fixa nocturna realizarán unha xornada anual efectiva de 1.430 horas ó ano.

As libranzas ás que terán dereito os/as traballadores/as serán as mesmas que goza o persoal do Sergas, que nestes momentos son as seguintes:

- Os correspondentes ó terceiro sábado.
- Descanso quincenal (dous ó mes).
- Os descansos de libre disposición (LD) serán 6 días - os días 25, 26 e 27 de marzo e 26, 27 e 28 de decembro.

Destes 6 días de descanso, 3 son de libre disposición do traballador/a, dos cales 2 se gozarán no primeiro semestre e 1 no segundo. Farase a petición por escrito con 10 días de antelación ás datas solicitadas. No caso de acumulación de solicitudes para un mesmo día, de tal maneira que supoña un quebranto na organización do servizo, procederase, de común acordo co comité, a un sorteo para determina-las persoas que gozarán deses días. Non se poderán acumular a períodos de vacacións de cada traballador/a.

O persoal contratado gozará dun LD por cada 60 días de contrato.

Se durante este ano aumentan os días de libranza do persoal do Sergas, reunirase a Comisión Paritaria para estudar a posible aplicación neste convenio.

Se durante a vixencia deste convenio se producise algún cambio de adxudicatario na prestación do servizo de limpeza dos centros ós que é de aplicación, serán por conta de cada un dos

adxudicatarios o aboamento das cantidades correspondentes ós descansos quincenal e de terceiro sábado non gozados polos traballadores/as durante a vixencia das súas respectivas adxudicacións, ou ben o goce acumulado destes sempre que se produza durante a vixencia das adxudicacións baixo as cales estes non foron gozados.

No que se refire ós restantes descansos non gozados, será por conta dos adxudicatarios o aboamento ou goce acumulado destes, sempre en estrita proporción ós períodos de vixencia das respectivas contratas, de tal maneira que cada unha delas se faga cargo dos días non descansados en proporción ó tempo de duración da adxudicación.

No suposto de que fosen os domingos ou festivos os non gozados, procederase a actuar os mecanismos de compensación previstos neste convenio, pero sempre considerando os períodos en que non foron gozados, procedendo entón da mesma forma que a prescrita no parágrafo primeiro desta disposición.

#### Artigo 10. Festivos

O/a traballador/a que realice a xornada laboral en domingo ou festivo, de mutuo acordo coa empresa poderá:

- a) Gozar, en compensación, dun día de descanso semanal.
- b) Percibi-lo aboamento correspondente, segundo a normativa vixente.
- c) Acumula-lo descanso ós días de vacacións regulamentarias.

Os días 24 e 31 de decembro cobrarase coa gratificación de festivos e o 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro percibiranse dúas gratificacións de festivos por cada un destes días. Estas gratificacións serán de aplicación en tódalas quendas.

#### Artigo 11.- Horas extraordinarias

Durante a vixencia deste convenio non se realizarán horas extraordinarias de carácter normal, non obstante, poderán realizarse as horas extraordinarias debidas a forza maior e as de carácter estrutural.

Consideraranse horas extraordinarias motivadas por forza maior as traballadas e empregadas na reparación de sinistros ou as que se realicen para prevelos, e as horas estruturadas son as que con carácter extraordinario e esporádico se efectúen no seo dunha empresa para cubri-la realización dun traballo que non foi posible prever nin substituír por contratacións temporais ou a tempo parcial previstas na lei.

Enviaránselle á Delegación de Traballo un informe mensual da realización e os motivos destas horas e será realizado conxuntamente polo Comité de Empresa e a Dirección e, de se-lo caso, polos delegados/as ou delegado/a de persoal.

O incumprimento do pactado neste artigo, así como o referente ó artigo 35 da Lei 8/1980, do 10 de marzo, e RDL 1985, do 20 de agosto, considerarase falta grave para os efectos do disposto no Estatuto dos traballadores.

#### Artigo 12.- Licenzas

Trala solicitude dos/as traballadores/ as afectados/as, concederase licenza retribuída e polo tempo que se indica, nos casos seguintes:

- Polo matrimonio do/a traballador/a ou constitución en parella de feito: 15 días naturais, antes ou despois sempre que se inclúa o día do feito.
- Polo matrimonio de fillos/as: 1 día natural.
- Polo nacemento de filla/o ou adopción: 3 días naturais se é na provincia e 5 días se é fóra dela. Se fose por cesárea, os días por parto poden gozarse ó saír do centro hospitalario.
- En caso de accidente, enfermidade grave ou hospitalización de parentes de primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 2 días. Cando o desprazamento sexa fóra da provincia, o prazo será de 4 días.



- Polo falecemento de cónxuxe, convivinte ou familiares en primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade, é dicir: pais, nais, fillos/as, avós, netos, irmáns, pais políticos, irmáns políticos, fillos políticos, avós políticos, e netos políticos: 3 días naturais se é na provincia, e se é fóra dela, 5 días naturais.

- Polo falecemento de parentes no terceiro grao, é dicir, tíos, tíos políticos, bisavós políticos, bisnetos políticos, sobriños e sobriños políticos: 1 día natural.

- Nos demais casos aterémonos ó disposto na lexislación vixente.

- No caso de asistencia ó médico, o tempo necesario con xustificación e cun máximo de 3 horas. No caso de desprazamento ó especialista terase en conta a distancia e, en consecuencia, o tempo indispensable.

- Por traslado de domicilio: 1 día.

- Por acompañamento a familiares de primeiro grao a probas médicas, o tempo necesario, avisando con antelación e debidamente xustificadas: 7 días máximo ó ano.

- Os permisos por nacemento ou enfermidade de familiares poderanse gozar dentro dun período de dez días que inclúa a data do feito causante.

As traballadoras, por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A duración do permiso incrementárase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

A traballadora, pola súa vontade, poderán substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas nos termos previstos na negociación colectiva ou no acordo ó que chegue co empresario respectando, de se-lo caso, o establecido naquela.

Este permiso poderá ser gozado indistintamente pola nai ou polo pai no caso de que ámbolos dous traballen.

#### Artigo 13.- Excedencias

Todo/a traballador/a, cunha antigüidade de, polo menos, un ano na empresa, terá dereito a que se lle recoñeza a súa situación de excedencia voluntaria por un período máximo de 5 anos, sen perder en ningún caso a antigüidade que tiña no momento de solicitala e sendo obrigatorio para a empresa a concesión da excedencia. Esta excedencia se poderá solicitar por un período inicial dun ano con prórrogas sucesivas dun ano ata o máximo de cinco ou ben nun único período polo tempo máximo de cinco anos. No caso de excedencia por maternidade será ata 3 anos, con reserva do posto de traballo o primeiro ano.

#### Artigo 14.- Cambio de posto de traballo por embarazo

As mulleres terán dereito a cambiar de posto de traballo, co fin de que en ningún caso estean obrigadas a desempeñar as súas funcións en lugares radioactivos e infecciosos que supoñan perigo para o seu estado.

#### Artigo 15.- Roupas de traballo

Concederáselle a todo o persoal a axeitada e regulamentaria roupa de traballo, funda para o persoal masculino e chaqueta e pantalón para o persoal feminino, cada 6 meses; zapatillas cada 3 meses; luvas cada 20 días e zocos cada nove meses. O persoal terá que devolver a roupa e utensilios utilizados no momento en que se produza a substitución.

#### Artigo 16.- Incapacidade temporal transitoria

O/a traballador/a que cause baixa por accidente laboral, non laboral, maternidade, enfermidade profesional ou enfermidade común percibirá o cento por cento do salario convenio desde o primeiro día da baixa, incluídas as pagas extras.

#### Artigo 17.- Extinción do traballo na contrata correspondente

O persoal de limpeza que realice a súa xornada nun centro de traballo durante un período mínimo de dous meses, no caso do cesamento da contrata, terá dereito a continuar coa nova empresa adxudicataria cos servizos de limpeza do centro. Esta nova empresa adxudicataria terá a obriga de absorber este persoal respectándolle a antigüidade e demais dereitos adquiridos.

#### Artigo 18.- Garantías dos cargos sindicais

Por mor de situacións concretas, como son confección do cadro de horarios, calendario de vacacións, e acordo para a negociación colectiva, o empresario facultará reunirse nos locais da empresa ós/ás traballadores/as e ós/ás seus/súas representantes sindicais durante a xornada de traballo, sen que poida excederse dunha hora en tales casos e de común acordo para a designación do día e hora, sen menoscabo da realización de traballos urxentes que puidesen xurdir.

#### Artigo 19.- Vacacións

A partir de 2006, incluído, o persoal afectado por este convenio, con menos de quince anos de antigüidade, gozará dun mes natural de vacacións anuais retribuídas, con quince anos dun día máis, con vinte anos de dous días máis, con vinte e cinco anos ou máis, de 3 días máis e con 30 anos de antigüidade corresponderán 4 días máis. Estes días a maiores gozaranse, de común acordo entre a empresa e o traballador/a, fóra do calendario de vacacións.

As vacacións tomaranse entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, non obstante, o persoal que desexa toma-las vacacións no resto dos meses do ano e sempre de acordo coa empresa, recibirá unha bolsa extra-salarial de 257,94 euros durante o período de vacacións.

Os/as traballadores/as que no momento de goza-las vacacións, estean de baixa por enfermidade ou accidente terán dereito a gozalas inmediatamente despois de producirse a alta e dentro do ano natural.

Elaborarase un calendario de vacacións en cada empresa, de acordo entre a empresa, o/a traballador/a e o comité, de tal xeito que os/as traballadores/as gocen das súas vacacións rotativamente, respectando a lexislación vixente. O persoal da quenda de noite percibirá tamén a gratificación de nocturnidade na retribución de vacacións.

- Con carácter xeral, o suposto de IT sobrevida durante o goce das vacacións non as suspenderán, considerándose gozadas. Cando un proceso de IT teña lugar durante o goce das vacacións e dure máis de 15 días, logo da solicitude do traballador ou traballadora, cambiaranse as datas. Neste caso, non habería dereito a percibir a bolsa extra-salarial á que fai referencia o artigo 19.

#### Artigo 20.- Control médico

Todo o persoal comprendido neste convenio terá dereito a efectuar unha revisión médica anual. A revisión será a cargo da empresa, farase en horas de traballo e os resultados do recoñecemento médico entregaráselles ós traballadores/as.

#### Artigo 21.- Comisión Paritaria

Para a interpretación e cumprimento do pactado neste convenio e, en xeral, para cantas cuestións se deriven da súa aplicación, establécese unha comisión paritaria que estará integrada polos seguintes membros:

Parte económica: Asociación de Empresarios de Limpeza de Institucións Sanitarias do Sergas de Ourense".

Parte social: centrais sindicais asinantes deste convenio (Confederación Intersindical Galega, Unión General de Traballadores e Comisións Obreiras).

#### Artigo 22.- Xubilacións

Todo/a traballador/a afectado/a por este convenio poderá solicitar a xubilación ós 64 anos ó abeiro do previsto no RDL



15/1981, do 28 de agosto; neste suposto a empresa verase obrigada a contratar outro/a traballador/a perceptor/a de desemprego ou mozo/a demandante do primeiro emprego a través dun contrato de idéntica natureza.

#### Xubilación a tempo parcial

Todo traballador ou traballadora que reúna as condicións esixidas, ó abeiro do artigo 166.2 da Lei de Seguridade Social e do artigo 12.6 do ET, poderá solicita-la xubilación parcial nos termos previstos legalmente, polo que a empresa estará obrigada a facilita-la documentación necesaria para tramitala. Para o exercicio deste dereito, este artigo establece a seguinte regulación:

a) O traballador/a terá a obriga de comunicarlle á empresa, cun mes de antelación, a data na que desexe facer efectiva a dita solicitude, indicando a porcentaxe na que se solicitará a xubilación parcial que deberá ser como mínimo do 25% e como máximo do 85%, manténdose a prestación laboral da traballadora ou traballador ó servizo da empresa polo tempo restante, é dicir, como mínimo o 15% e como máximo o 75%.

As persoas que se atopan en xubilación parcial realizarán a seguinte xornada de traballo:

- Xubiladas ó 85%, realizarán unha xornada do 15%, 34 días.
- Xubiladas ó 82%, realizarán unha xornada do 18%, 41 días.
- Xubiladas ó 80%, realizarán unha xornada do 20%, 46 días.
- Xubiladas ó 78%, realizarán unha xornada do 22%, 51 días.
- Xubiladas ó 75%, realizarán unha xornada do 25%, 58 días.

Ó tempo efectivo indicado, haberá que lle resta-los días adicionais de vacacións previstos no 1º parágrafo do artigo 19, por razón de antigüidade e os días adicionais de libre disposición previstos no artigo 27 deste convenio, tamén por razón de antigüidade.

Mediante acordo entre empresa e traballadora ou traballador establecerase o horario de prestación de servizos. Neste sentido a empresa estará obrigada a concentra-la xornada semanal ou anual no menor tempo posible, se o traballador así o solicita.

b) O salario aboado en contraprestación percibirao o traballador mensualmente en función da xornada de traballo restante.

c) A empresa estará obrigada a asinar simultaneamente un contrato de remuda con outro traballador. A duración deste contrato será como mínimo igual ó tempo que lle falte ó traballador substituído para cumpri-los 65 anos e pola xornada que este reduce.

Non obstante o anterior, o contrato do traballador substituído poderá se-la xornada completa e incluso simultanea-la prestación de servizos co substituído.

d) Se durante a vixencia do contrato de remuda, antes de que o traballador substituído alcance os 65 anos, se producise o cesamento do traballador substituído, a empresa:

- Deberá substituílo por outro traballador, co que concertará un novo contrato de remuda no prazo de 15 días naturais seguintes a aquel no que se producise o cesamento.

- A xornada pactada no novo contrato será, como mínimo, igual á que realizaba o traballador no momento da extinción do seu contrato.

e) O contrato de traballo a tempo parcial suscrito co traballador parcialmente xubilado terá unha duración igual á que, no momento do seu asinamento, lle quede a aquel para alcanza-la idade de 65 anos, momento en que se extinguirá o dito contrato e que deberá pasar de modo forzoso o dito traballador á situación de xubilación total.

#### Artigo 23.- Contratación

As empresas adxudicatarias do servizo de limpeza de hospitais non poderán contratar persoal a través das empresas de traba-

llo temporal (ETT), tanto para substitucións de vacacións, IT, etc., como para calquera posto de traballo (ampliación do cadro de persoal, postos de nova creación, etc.).

#### Artigo 24.- Copia básica do contrato

As empresas entregaranlles ós representantes legais dos traballadores/as unha copia básica de tódolos contratos de traballo que deban realizarse por escrito, de acordo coa Lei 2/1991, do 7 de xaneiro.

#### Artigo 25.- Seguro de accidente

As empresas subscribirán unha póliza de seguro colectivo en favor de tódolos traballadores/as que presten os seus servizos nos centros afectados por este convenio, cubrirá como mínimo as seguintes garantías:

- Morte ou invalidez total: 18.030,36 euros.
- Invalidez absoluta ou grande invalidez: 24.040,48 euros.

As ditas continxencias deberán derivarse de accidente laboral, incluído o accidente "in itinere" e as indemnizacións fixadas serán totalmente independentes daquelas que lles correspondan ós/as traballadores/as en virtude da lexislación laboral vixente.

#### Artigo 26.- Días para asuntos propios

O traballador/a, solicitándoos coa debida antelación, terá dereito a dispor de 10 días de licenza ó ano, non retribuídos pola empresa.

#### Artigo 27.- Días adicionais de libre disposición

As traballadoras/es gozarán dos seguintes días libres retribuídos:

- Con 18 anos de antigüidade 2 días completos.
- Con 24 anos, 3 días.
- Con 27 anos, 4 días.
- Con 30 anos, 5 días.
- Con 33 anos, 6 días.
- Con 36 anos, 7 días.

E así sucesivamente, un día máis por cada trienio.

#### Disposicións xerais

Primeira.- Todo o que non se preveu neste convenio, estará disposto na Ordenanza laboral de traballo para as empresas dedicadas á limpeza de edificios e locais, aprobada o 15 de febreiro de 1975, así como nas demais disposicións legais vixentes, que ámbalas dúas partes acordan manter como lexislación subsidiaria para o non previsto no Estatuto dos traballadores.

Segunda.- As empresas afectadas por este convenio deberán ter un exemplar, así como a copia dos boletíns de cotización da Seguridade Social no taboleiro de anuncios da empresa para coñecemento de tódolos/as traballadores/as, co fin de que constaten a súa situación laboral.

Terceira. As partes asinantes deste convenio son a "Asociación de Empresarios de Limpeza de Institucións Sanitarias do Sergas de Ourense e as centrais sindicais Confederación Intersindical Galega, Unión General de Trabadores e Comisións Obreiras, ámbalas dúas con capacidade suficiente e lexitimación de conformidade co disposto na Lei 8/1980, do Estatuto dos traballadores.

Cuarta.- Se se producisen nalgunha das empresas afectadas por este convenio baixas de traballadores/as fixos/as do cadro de persoal dos centros sanitarios afectados, estas serán cubertas por traballadores/as mediante contratos indefinidos.

Quinta.- Se se produce a revisión salarial, os atrasos producidos seranlles aboados ós/ás traballadores/as antes de transcorridos os 30 días seguintes a aquel en que as empresas cobren do Sergas.

Sexta.- As traballadoras e traballadores fixos/as terán preferencia por orde de antigüidade e de carácter voluntario para ocupa-la praza vacante en quenda, planta ou servizo que deixe



un ou unha traballador/a fixo/a. Deberán estar en quenda, planta ou servizo un mínimo de cinco anos. Ó producirse a vacante é obriga da empresa proceder á súa inmediata convocatoria. A antigüidade e a do centro de traballo.

Para aspirar a unha vacante de quenda, planta ou servizo será requisito imprescindible, tal como establece o artigo, levar 5 anos ininterrompidos nunha mesma quenda, planta ou servizo.

Entendendo que a conxunción disxuntiva “ou” indica que para aspirar á vacante é suficiente con acredita-los 5 anos en calquera dos tres posibles destinos (quenda, planta ou servizo), xa que en caso contrario tería figurado a conxunción copulativa “e”, que indica adición.

En consecuencia, para poder optar a un cambio de quenda terá que levar cinco anos na quenda de orixe, para poder optar a un cambio de planta ou de servizo, terá que levar cinco anos na planta ou servizo. Será outorgada a/o solicitante con máis antigüidade no centro de traballo.

#### Anexo I. Salarios 2011 e 2012

Categorías; salario base.

Administrativos/as:

- Xefe/a de 1ª; 732,36 euros.
- Xefe/a de 2ª; 581,09 euros.
- Caixeiro/a; 581,09 euros.
- Oficial de 1ª; 573,29 euros.
- Oficial de 2ª; 573,29 euros.
- Auxiliar; 556,46 euros.
- Cobrador/a; 553,76 euros.

Mandos intermedios:

- Encargado/a xeral; 684,43 euros.
- Supervisor/a encargado/a zona; 595,38 euros.
- Supervisor/a encargado/a sector; 573,29 euros.
- Encargado/a grupo ou edificio; 560,33 euros.
- Responsable de equipo; 553,64 euros.

Persoal obreiro:

- Especialista; 553,43 €.
- Peón especializado; 553,43€.
- Limpador/a; 546,82 €.
- Conductor/a- limpador/a; 553,64 €.
- Persoal oficios varios:
- Oficial; 553,64 €.
- Axudante; 546,82 €.
- Peón; 546,82 €.
- Traballadores/as menores de 18 anos; SMI.

#### Anexo II. Complementos

- O complemento de destino será de 254,14 euros/mes para tódalas categorías. En concepto de atrasos dende o 1 de xullo de 2008 cada traballador percibirá a cantidade de 138,67 €.

- O complemento específico será de 210,57 €/ mes.
- O complemento de produtividade é de 94,91 €/mes.

Complemento paga extra

De xaneiro a decembro: 38,98 euros/mes.

#### Anexo III. Complemento profesional

Aboarase un complemento profesional de importe equivalente ó da chamada “carreira profesional “establecido para o persoal do Sergas, a todos aqueles traballadores afectados por este convenio que teñan dereito a percibilo mesmo conforme ós criterios fixados e determinados na Resolución conxunta do 25 de outubro de 2007 (DOG 208 do 26.10.07) da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas, pola que se ordena a publicación do acordo que regula o acceso extraordinario á carreira profesional.

Este complemento aboarase de xeito rateado en cada unha das mensualidades.

O grao 2 aplicarase con efectos retroactivos ó 1 de abril de 2010 e os atrasos serán aboados no mes seguinte á publicación deste convenio no BOP.

O grao 3 aplicarase con efectos retroactivos ó 1 de xullo do 2011 e os atrasos aboaranse nos dous meses seguintes á publicación do convenio no BOP.

#### Anexo IV. Resolución de conflitos

As partes asinantes acordan que, en caso de que poidan xurdir discrepancias na negociación das condicións de traballo ás que se refire o artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, se someterá ós procedementos que se establezan nos acordos interprofesionais de ámbito estatal ou autonómico.

#### Anexo V. Denuncia

Para proceder á denuncia deste convenio establécese que a fórmula será por medio de comunicación da parte denunciante a outra parte na que se expresará o desexo de denunciar e negociar un novo convenio. O prazo mínimo será de tres meses antes de remata-la súa vixencia.

Acta da reunión da Comisión Paritaria do Convenio de limpeza de institucións hospitalarias da Seguridade Social da Provincia de Ourense

Data: 06.08.2012

Hora: 12.00 h

Lugar: locais do sindicato Confederación Intersindical Gallega (CIG) situados no parque de San Lázaro, n.º 12- 4º andar, 32003 Ourense.

Asistentes:

- Pola empresa:

- Asociación de Empresarios de Limpieza de Instituciones Sanitarias del Sergas de Ourense.

- Pola parte social:

- Confederación Intersindical Gallega (CIG)
- Unión General de Trabajadores (UGT)
- Comisiones Obreras (CC OO)Contido:

Consonte ó requirimento efectuado polo Departamento Territorial de Ourense da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, no que, tras advertir dous erros que contén o texto do Convenio colectivo para os anos 2011 ó 2013, que está en trámite de rexistro, instase á súa emenda, procédese a convocar a reunión da que dá fe esta acta e na que se toman os seguintes acordos en orde ó requirido:

1. No “Artigo 11. Horas extraordinarias”, acórdase aclaralo texto do derradeiro parágrafo cuxa redacción definitiva é a seguinte:

“O incumprimento do pactado neste artigo, así como o referente ó artigo 35 da Lei 8/1980, do 10 de marzo, considerárase grave para os efectos do disposto no Estatuto dos traballadores”.

2. No “Artigo 22. Xubilacións”, acórdase aclaralo texto do dito artigo no seguinte senso: a alusión que se fai ó RD 14/1981, do 20 de agosto, contén un erro material, sendo o precepto legal correcto o RD 1194/1985, do 17 de xullo, que é o que se acuerda que figure no texto.

3. No “Anexo II. Complementos”, acórdase aclaralo texto que queda tal como se reproduce a continuación:

“Complementos

- O complemento de destino será de 254,14 € ó mes para tódalas categorías.

- O complemento específico será de 210,57 € ó mes.

- O complemento de produtividade é de 94,91 € ó mes.

– O complemento paga extra: de xaneiro a decembro 38,98 € ó mes”.

Sen máis asuntos que tratar e coa conformidade de tódalas partes comparecentes, asinase esta acta unha vez lida e, finalmente, acórdase remitir copia dela ó Departamento Territorial de Ourense da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, para que teña constancia dos acordos adoptados e na súa virtude teña por emendados os erros e proceda á publicación do convenio colectivo.

Seguen as sinaturas.

## Consellería de Trabajo y Bienestar

### Jefatura Territorial Ourense

Servicio de Relaciones Laborales

Convenio: limpieza de instalaciones hospitalarias cerradas de la Seguridad Social

Expediente: 32/01/0001/2012

Fecha: 16/08/2012

Asunto: resolución de inscripción y publicación

Destinatario: María del Carmen Cabanas Carlin

Código de convenio número 32000395011989.

Una vez visto el texto del Convenio Colectivo para el Sector de Limpiezas de Instituciones Hospitalarias de la Seguridad Social de Ourense para los años 2011-2013, que se suscribió el día 15/05/2012, de una parte, en representación de la parte empresarial, por los/as designados/as por la Asociación de Empresarios de Limpieza de Instituciones Sanitarias del SERGAS de Ourense, y de otra, en representación de los/as trabajadores/as del sector, por los designados/as por las centrales sindicales: Confederación Intersindical Galega (CIG), Unión General de Trabajadores (UGT) y Comisiones Obreras (CC OO) y el acta de la Comisión Paritaria del convenio que se suscribió el día 06/08/2012, por las antedichas partes a los efectos de subsanar errores en el mencionado texto y, de conformidad con lo que dispone el artículo 90 del Estatuto de los Trabajadores, Texto Refundido aprobado por el Real Decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo (BOE n.º 75, do 29 de marzo de 1995), Real Decreto 713/2010, sobre Registro y Depósito de Convenios y Acuerdos Colectivos de Trabajo (BOE n.º 143, de 12 de junio de 2010) y Real Decreto 2412/1982, de 24 de julio, sobre Traspaso de Funciones y Servicios de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia en Materia de Trabajo (BOE n.º 232, de 28 de septiembre de 1982) y las demás normas aplicables del derecho común, esta jefatura territorial acuerda:

Primero.- Ordenar su inscripción en el Registro de Convenios y Acuerdos Colectivos de Trabajo de la Comunidad Autónoma de Galicia, creado mediante la Orden de 29 de octubre de 2010 (DOG n.º 222, de 18 de noviembre de 2010) y notificación a la representación empresarial y social de la Comisión Negociadora.

Segundo.- Disponer su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

El jefe territorial de la Consellería de Trabajo y Bienestar de Ourense.

Fdo.: José Selas Souto.

Convenio Colectivo para los años 2011-2013 de “Limpieza de instituciones hospitalarias de la Seguridad Social de la provincia de Ourense”

Artículo 1.- El presente convenio colectivo les afecta a las empresas dedicadas a la limpieza de instituciones hospitalarias

cerradas de la Seguridad Social en Ourense y, en el ámbito de aplicación de este convenio, a todos los/as trabajadores/as dependientes de estas empresas y que presten sus servicios en las instituciones hospitalarias cerradas de la Seguridad Social de la provincia de Ourense.

Artículo 2.- Vigencia y duración

El presente convenio empezará a regir desde su publicación en el BOP de Ourense, no obstante, para sus efectos económicos será desde el 1 de enero de 2011 y finalizará el 31 de diciembre de 2013. En marzo del 2013 se reunirá la Comisión Negociadora para proceder a la negociación de las tablas salariales para dicho año.

Al final de la vigencia del presente convenio colectivo mantendrán su vigencia todas y cada una de sus cláusulas hasta la entrada en vigor del siguiente.

Un mes antes de finalizar la vigencia del presente convenio, se reunirán las partes para acordar si se denuncia el convenio vigente y si procede su negociación o se opta por la negociación de una equiparación que incluya los términos sociolaborales.

Artículo 3.- Todas las condiciones económicas de cualquier índole contenidas en el presente convenio tienen el carácter de mínimas, por lo que los pactos, cláusulas y situaciones implantadas por las empresas y que impliquen condiciones más beneficiosas con respecto al presente convenio subsistirán para aquellos/as que las vienen disfrutando, pero sin que pueda interpretarse, que sobre las llamadas condiciones más beneficiosas tendrá que computarse el mejoramiento económico que supone el presente convenio.

Artículo 4.- Salario base, complemento de destino, complemento de productividad fijo, complemento específico y complemento paga extra.

El importe que se abonará por estos conceptos se especificará en los anexos I e II de este convenio.

